

**PROGRAMA ELECTORAL  
DA CANDIDATURA DE  
ESQUERDA UNIDA**



**esquerda unida  
Nigrán**

## PRESENTACIÓN

Os membros da candidatura de Esquerda Unida en Nigrán queremos empezar agradecendo todo o apoio e as ideas e propostas ofrecidas, que serviron para elaborar o programa co que agora nos presentamos a estas eleccións para que a nosa presenza na corporación faga de Nigrán un concello aínda mellor.

Un programa realizado seguindo os seguintes principios programáticos:

- O dereito a unha vida digna para todas e todos.
- A defensa da cultura, do patrimonio e da lingua.
- A defensa do medio ambiente.
- Un Concello democrático, transparente e realmente participativo.
- A Igualdade, polo que a perspectiva de xénero debe atravesar todas as políticas do Concello.

Se botades man a outros programas electorais, veredes que neles inclúense moitas promesas, algunhas delas irrealizábeis. Unhas veces, por ser ilegalidades, e outras, porque a solución é competencia doutras administracións ou, incluso, de empresas privadas coas que o Concello non ten ningunha relación.

Nós, que coñecemos o **Concello de Nigrán**, somos conscientes da súa complexa xestión e **soamente levamos propostas que sexan realizables**, como podedes ver neste Programa ou no resumo '**50 medidas para que NIGRÁN avance**'.

## ÍNDICE

1. Unha administración eficaz para resolver os problemas da veciñanza.	Páxina 2
2. Urbanismo para o concello de Nigrán. _____	Páxina 6
3. Medio ambiente. _____	Páxina 9
4. Auga. _____	Páxina 12
5. Servizos sociais. _____	Páxina 13
6. Educación. _____	Páxina 15
7. Sanidade. _____	Páxina 16
8. Desenvolvemento local, pequeno comercio e emprego. _____	Páxina 17
9. Turismo sustentable. _____	Páxina 19
10. Cultura. _____	Páxina 21
11. Deporte. _____	Páxina 22
12. Mocidade. _____	Páxina 24
13. Persoas maiores. _____	Páxina 26
14. Igualdade. _____	Páxina 27

# **1. UNHA ADMINISTRACIÓN EFICAZ PARA RESOLVER OS PROBLEMAS DA VECIÑANZA**

## Introdución

- 1.1 Unha corporación próxima á veciñanza
- 1.2. Unha Administración participativa
- 1.3. Un Concello transparente
- 1.4. Implantación da Administración electrónica
- 1.5. Unha Administración eficaz ao servizo da veciñanza
- 1.6. Política Fiscal do Concello
- 1.7. Auditoría dos servizos privatizados ou externalizados.
- 1.8. Coordinación supramunicipal

## **Introdución**

Desde a candidatura de Esquerda Unida consideramos que Nigrán debe contar cunha administración áxil, eficaz, transparente, participativa e solidaria, ao servizo das veciñas e dos veciños de todas as parroquias, todos os días do ano, para solucionar os problemas da veciñanza.

### **1. Unha corporación próxima á veciñanza**

Os integrantes da candidatura de Esquerda Unida en Nigrán creemos que é necesario procurar unha maior transparencia, proximidade e publicidade da actividade da corporación municipal:

#### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Cambiar dos horarios dos plenos, actualmente pola mañá, para un horario pola tarde que facilite a asistencia da veciñanza.
- A edición, cunha periodicidade mínima trimestral, dun Boletín informativo da actividade da corporación municipal, en cuxa elaboración participen todos os grupos políticos
- Gravación e publicación nas redes sociais do Concello de Nigrán de todos os plenos municipais.
- Como mínimo, mensualmente realizaremos encontros abertos a veciñanza, de forma itinerante por todas as parroquias. Nestes encontros recibiremos á veciñanza.

### **2. Unha Administración participativa**

A candidatura de Esquerda Unida en Nigrán non soamente quere traballar para a cidadanía, quere traballar coa cidadanía; non quere gobernar por delegación, quere gobernar con participación. Temos como un dos nosos principais sinais de identidade a busca de modelos de participación que logren que os veciños e veciñas interveñan na xestión pública, máis alá do mero feito de introducir unha papeleta nunha urna cada catro anos ou a asistencia a procesos pseudoparticipativos nos que axentes sociais nin cidadanía son consultadas e só asisten como meros oíntes das propostas dos

governos.

A participación cidadá constitúese no eixo vertebral e transversal do noso proxecto para Nigrán, que se fundamenta no convencemento de que a maior participación, maior calidade democrática.

#### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Desenvolver o Regulamento de Participación cidadá aprobado por unanimidade pola corporación. Como primeira medida crearemos o Consello Xeral de Participación cidadá de Nigrán.
- Promover a participación da veciñanza e asociacións na xestión municipal, fomentando a vida asociativa no concello e nas súas parroquias.
- Promover a creación de Consellos Sectoriais sobre as diferentes políticas locais (sanidade, xuventude, cultura, sustentabilidade ambiental,...) e non só de urbanismo.
- Reactivar o funcionamento do Consello Sectorial do PXOM.

### **3. Un Concello transparente**

A candidatura de Esquerda Unida considera que a transparencia das administracións públicas e dos cargos públicos é unha ferramenta fundamental de loita contra a corrupción e o caciquismo, así como para a participación da cidadanía na toma das decisións polas que se vai ver afectado.

Na actualidade existe unha lei de transparencia e de acceso á información que se cumpre, parcialmente, no Concello de Nigrán. Son demasiadas as ocasións en que o Valedor do Pobo require a este goberno o cumprimento da lei en materia de información á veciñanza.

En definitiva, a transparencia é que todos saibamos como se gasta o noso diñeiro e é a mellor garantía para unha xestión eficaz e de loita contra a corrupción.

#### **Comprometémonos neste mandato:**

- A mellorar e facilitar a accesibilidade á información na páxina web do Concello de Nigrán.
- Á creación dunha Unidade de Información do Concello que integre a xestión de solicitudes de información da cidadanía no funcionamento do Concello.
- Levar un rexistro das solicitudes de acceso á información.
- Publicar no Portal de Transparencia de Nigrán a información que debe ser pública segundo a Lei de Transparencia, entre a que estará o nome dos membros da corporación responsábeis de cada área, perfil e traxectoria profesional, así como as declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais.
- Publicar as retribucións e indemnizacións que perciban todos os membros da corporación.
- Publicar todos os procesos de selección para postos de traballo ou actividades realizadas polo Concello.
- Publicar na páxina web do Concello a información cuxo acceso se solicita con máis

frecuencia.

- Publicar na páxina web do concello as relacións de procedementos de competencia co concello, con indicación dos prazos máximos de duración de los mesmos, así como de los efectos que produza el silencio administrativo.

#### **4. Implantación da Administración electrónica**

En pleno século XXI a administración ten que achegarse á veciñanza e para iso una das ferramentas máis importantes é a administración electrónica.

Actualmente existen numerosos modelos de solicitudes na sede electrónica do Concello, sen embargo só existe a posibilidade de realizar un trámite electronicamente, que é a petición do volante do Padrón, ademais da existencia do rexistro electrónico.

Esta implantación, ademais de ser una comodidade para a cidadanía, suporía tamén unha optimización dos recursos do Concello.

Pero ademais, non toda a veciñanza ten as capacidades e os medios para utilizar a administración electrónica.

#### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Aumentar o grao de implantación da administración electrónica para os trámites que ten que realizar a cidadanía, especialmente aqueles máis frecuentes.
- Asesorar e formar a veciñanza no uso da administración electrónica desde a Unidade de Información do Concello que nos comprometemos a crear.

#### **5. Unha Administración eficaz ao servizo da veciñanza**

A cidadanía, cada vez, demanda máis servizos ao Concello, así como unha maior calidade na súa prestación. Esquerda Unida considera que para que o Concello de Nigrán poida prestar servizos de calidade á veciñanza, a súa administración ten que ser eficaz e eficiente.

Para iso debemos transformar o Concello de Nigrán nunha administración moderna ao servizo da veciñanza.

#### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Simplificar dos procedementos administrativos municipais. En concreto non se deberán aportar documentos que xa se encontren en poder do Concello ou que foran elaborados por calquera outra Administración.
- Realizar unha auditoría integral de todo o sistema informático do Concello.
- Elaborar o inventario de bens e terreos do Concello de Nigrán, para coñecer realmente as propiedades do Concello..
- Mellorar o funcionamento da caixa de suxestións do Concello de Nigrán. Para elo a transformaremos nunha caixa de suxestións e reclamacións, acusando recibo de todas as solicitudes realizadas e dando unha resposta a veciñanza.
- Crear unha aplicación móbil desde a que se poida por parte da veciñanza comunicar todas as posíbeis deficiencias que poidan producirse nos servizos municipais.

## **6. Política Fiscal do Concello**

A candidatura de Esquerda Unida considera que o principio de progresividade fiscal: o que máis ten que pague máis, debe implantarse tamén na Facenda de Nigrán.

Somos conscientes de que, en materia de tributos, a marxe de autonomía do Concello é moi limitada, pero iso non debe impedir ao goberno municipal tratar de establecer unha política tributaria máis xusta.

Non soamente nos impostos, senón tamén as taxas e prezos públicos deben recoller os principios de equidade, suficiencia e progresividade para lograr unha fiscalidade xusta.

### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Modificar as Ordenanzas Fiscais que o precisen para que as bonificacións ás taxas e impostos municipais sexan máis xustas e progresivas, tendo en conta fundamentalmente a situación económica e familiar das persoas contribuíntes.

## **7. Auditoría dos servizos privatizados ou externalizados.**

Na actualidade préstanse diversos servizos indirectamente por parte do Concello.

O gasto destas empresas supón, aproximadamente, o 25 % do gasto corrente do Concello. Actualmente existen auditorías dalgún destes servizos que poñen de manifesto que estes contratos externalizados non cumpren na súa totalidade os contratos, a pesar do cal se lle abonaron integramente a totalidade dos servizos como se os realizasen.

### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Nomear un responsable de todos os contratos que realice o Concello de Nigrán, que deberá verificar o seu cumprimento.
- Contratar auditorías dos principais contratos que realiza o Concello (Recollida de lixo e limpeza viaria, Abastecemento e saneamento de auga, Mantemento de zonas verdes, Axuda a Domicilio, etc.)

## **8. Coordinación supramunicipal**

Nigrán non é un concello illado. Forma parte da Mancomunidade do Val Miñor e da Área metropolitana de Vigo, polo que a coordinación supramunicipal debe ser un eixo imprescindible para a prestación de servizos á cidadanía dun xeito eficaz e eficiente.

Na actualidade, a Mancomunidade do Val Miñor está configurada como un órgano administrativo onde os sucesivos presidentes esperan a que finalice o ano de mandato, sen abordarse os problemas con continuidade. Isto tradúcese en que periodicamente volven a saír problemas relacionados co Grupo de Emerxencias Supramunicipal ou a Piscina Mancomunada.

Ademais, son numerosos os servizos prestados por outras administracións á veciñanza de Nigrán, como o transporte metropolitano, nos que o Concello, aínda que non teña competencias, algo debería dicir.

### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Potenciar a colaboración con outros concellos, especialmente do Val Miñor, para a prestación común de servizos. O ámbito territorial destes convenios virá determinado pola característica do servizo a prestar.
- Potenciar a Mancomunidade do Val Miñor reformándoa, se é necesario, para que resulte un instrumento eficaz na prestación de servizos.
- Agora que finaliza o contrato de xestión da Piscina Mancomunidade, pular pola xestión directa e pública de dito servizo.
- Pular pola posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo, respectando os intereses da poboación de todas as parroquias e concellos.
- Controlar a prestación dos servizos públicos que se prestan a veciñanza de Nigrán (bus, sanidade, fibra, telefonía móbil, etc.), sexan prestados por outras administracións ou empresas privadas. Denunciaremos a súa prestación ou calidade deficiente.

## **2. URBANISMO PARA O CONCELLO DE NIGRÁN**

Introdución

2.1. Transparencia en urbanismo

2.2. Participación en Urbanismo

2.3. PXOM

2.4. O PXOM que queremos

### **Introdución**

A política do urbanismo en Nigrán xera sempre polémicas debido, principalmente, ás medias verdades coas que os gobernantes nos están a bombardear, para favorecer os intereses ocultos dos especuladores.

O documento central do urbanismo é o coñecido como PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal). Cómpre, polo tanto, facer primeiro unha serie de aclaracións:

Non se elabora un PXOM para que quen queira poida construír en calquera sitio. O PXOM é un documento para ordenar o municipio, definir que espazos hai que preservar da construción, en cales se vai poder construír e con que índice de edificabilidade, sempre en función das perspectivas demográficas, de crecemento da poboación a 10 ou 15 anos vista, reservando o solo necesario para a emprazamento de edificios ou espazos destinados ao servizo público.

Non se pode nin se debe relacionar directamente o PXOM coa xeración de emprego; primeiro, porque o índice de emprego no sector da construción non é constante nin eterno e, en segundo lugar, porque na actualidade a normativa vixente non esgotou o solo existente e a súa capacidade de desenvolvemento, tal como indica o PXOM aprobado inicialmente.

Finalmente, na tramitación do PXOM, non se pode facer ao que o goberno

municipal lle veñan en gana, hai que seguir uns trámites nos que se debe ser moi escrupuloso, para asegurar a seguridade xurídica no PXOM. Non está tan lonxe de Nigrán, Vigo, cun PXOM anulado por non seguir a tramitación prevista na lei na súa elaboración

O goberno municipal anunciou a súa publicación na web do Concello de Nigrán, e estamos en Abril e se produce un novo incumprimento desde goberno, nos prazos de eles mesmos anuncian. Anteriormente tamén anunciaran e prometeran que estaría aprobado durante este mandato.

## **O PXOM**

O PXOM é o documento máis importante para o desenvolvemento de Nigrán. Nel vaise definir o modelo de municipio que queremos e vai condicionar a nosa vida e a das xeracións vindeiras. Debe, en consecuencia, estar ben elaborado, baseado en criterios científicos e tendo en conta o futuro económico e demográfico de Nigrán, así como a situación xeográfica do concello na comarca do Val Miñor.

## **MEDIDAS CONCRETAS DO PROGRAMA DE ESQUERDA UNIDA EN MATERIA DE URBANISMO.**

### **1. Transparencia en urbanismo**

A transparencia é fundamental en urbanismo para evitar calquera suspicacia.

#### **En concreto comprometémonos a:**

- Publicar na páxina web do Concello o PXOM no actual estado de tramitación.
- Publicar na páxina web do Concello (ou Portal de transparencia) o contido dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor.
- Publicar puntualmente toda documentación referente á materia urbanística e de ordenación do territorio, sexa por obrigación legal ou non, para coñecemento xeral da poboación.

### **2. Participación en Urbanismo**

Existe, desde hai unha década e na actualidade, o Consello Sectorial, constituído ao inicio dos traballos de elaboración do PXOM como órgano de participación e consulta en materia de urbanismo. Neste órgano de participación están presentes a maior parte dos colectivos de Nigrán. Entre os que o forman están asociacións veciñais, medioambientais, culturais, comunidades de montes, etc.

A realidade é que neste mandato nunca foi convocado, a pesares de que a súa convocatoria era a bandeira do PSOE e do actual alcalde cando estaba na oposición.

Consideramos imprescindible a función do Consello Sectorial do PXOM.

#### **En concreto comprometémonos a:**

- Revitalizar o Consello Sectorial do PXOM, actualizándoo, de ser preciso, para que se constituía nun órgano mais áxil, efectivo e representativo.



### **3. PXOM**

O Goberno actual estivo dilatando a tramitación do PXOM e introducindo cambios que poden poñer en perigo a seguridade xurídica do PXOM. Agora que parece que está na recta final da súa tramitación é cando se debe ser mais coidadoso cos pasos a dar.

#### **En concreto comprometémonos para a súa tramitación:**

- Non admisión de modificacións que non sexan derivadas de alegacións ou informes sectoriais, pois poderían poñer en risco a seguridade xurídica do Plan.
- Elaborar uns criterios de elaboración do solo no PXOM (núcleos rurais, etc.), especialmente no referente á admisión de alegacións, que deberán ser claros, públicos e transparentes, para evitar inxustizas.
  - Someter a unha nova exposición pública o PXOM, unha vez aprobado provisionalmente.

### **4. O PXOM que queremos**

#### **Traballaremos para que no PXOM:**

- A reserva de solo para zonas verdes se produza de forma integrada no espazo onde vive a xente, e que o seu uso sexa para as persoas e non como aparcamento de vehículos.
- Reservar solo para aparcamento nas zonas máis ou menos próximas ao litoral ou en lugares máis afastados das praias, prevendo a creación dun servizo áxil de transporte (lanzadeiras) nas fins de semana ou no período estival.
- Non aumentar a reserva de solo para grandes superficies comerciais.
- Contemplar no PXOM a máxima porcentaxe para Vivenda Protexida capaz de soportar a viabilidade económica do Plan, non reducíndose a prevista no PXOM aprobado inicialmente.

### 3. MEDIO AMBIENTE

#### Introdución

- 3.1. Conservación do Medio Natural.
- 3.2. Xestión de residuos e limpeza viaria.
- 3.3. Colaboración coas comunidades de montes, para manter o monte en condicións adecuadas.
- 3.4. Conservación das canles fluviais
- 3.5. Saneamento de augas residuais en todo o concello.
- 3.6. Enerxía e cambio climático.
- 3.7. Xestión da auga.
- 3.8. Control da contaminación acústica.

#### Introdución

#### **Un medio ambiente de calidade para toda a cidadanía e os seus descendentes**

Os integrantes da candidatura Esquerda Unida pensamos que a conservación do medio ambiente é de vital importancia para a consecución dunha calidade de vida adecuada tanto para nós como para os nosos descendentes. Pero non só é importante desde o punto de vista medioambiental, senón tamén desde o punto de vista económico. A economía do noso concello depende en gran medida do sector turístico, sendo o seu maior atractivo o noso medio natural. Destruír o noso ambiente é destruír o noso principal sector económico. A conservación do medio ambiente non é incompatible con explotación económica sempre e cando esta sexa de xeito sostible. Unhas das maiores agresións que sofre o noso medio ambiente é debido ao urbanismo salvaxe.

En moitas ocasións os gobernantes utilizan o medio ambiente con fins propagandísticos cun nulo efecto sobre a protección e conservación do medio natural.

#### **1. Conservación do Medio Natural.**

A conservación do noso litoral e do medio ambiente é fundamental, polo que precisamos unha sociedade e un concello que impulse o desenvolvemento humano, un territorio que cumpra as súas funcións ambientais e unha relación dos seres humanos coa natureza que garanta a integridade dos ecosistemas, neste caso, do litoral e os ríos de Nigrán.

#### **En concreto comprometémonos a:**

- Traballar pola aprobación definitiva do Espazo Natural de Interese Local das **dunas de Praia Lourido e Panxón**, así como restrinxir á presión urbanística nas proximidades.
- A integrar no PXOM as máximas medidas protectoras para **Monteferro**, así como a promover a súa declaración como paisaxe protexida.
- A aumentar a protección da marisma de A Ramallosa non incluída no LIC. O PXOM

debe de integrar as máximas medidas protectoras para o LIC de A Ramallosa e controlar a calidade da auga e eliminación de todos os vertidos ao Río Miñor existentes no Concello de Nigrán.

- Realizar unha avaliación medioambiental das actividades que se realicen nos espazos naturais anteriormente mencionados ou nas súas proximidades.
- Minimizar o uso de produtos químicos no medio natural. Cando os empreguemos farase cumprindo toda a normativa de protección, informando a veciñanza dos riscos do seu uso e as medidas de precaución que debe tomar a veciñanza.
- Minimizar o uso de plásticos, especialmente os do un so uso por parte do Concello de Nigrán.

## **2. Xestión de residuos e limpeza viaria.**

Desde Esquerda Unida propoñemos a recuperación da concesión da recollida de lixo e a súa xestión desde a empresa pública. Son públicos e notorios os incumprimentos do contrato da recollida de lixos por parte do concesionario, polo que é necesario, en tanto non se recupere a concesión, aplicar as penalizacións previstas no devandito contrato, á empresa concesionaria.

### **En concreto comprometémonos a:**

Medidas con relación á concesionaria de recollida de lixo e limpeza viaria:

- Aplicar as penalizacións previstas por incumprimentos do contrato.
- Recuperar para a veciñanza do pagado polo Concello de Nigrán por servizos non realizados pola concesionaria.
- Recuperar para a veciñanza de Nigrán do 50% dos ingresos percibidos pola concesionaria derivados da recollida selectiva.

Ademais, a medio prazo, adoptaremos medidas de fomento da reciclaxe entre as que estarán:

- Realizar campañas de sensibilización da importancia da reciclaxe.
- Ampliar a recollida selectiva aos residuos orgánicos.
- Regular a recollida selectiva de residuos téxtiles.
- Aumentar da dotación de contedores de recollida selectiva.
- Ampliar, paulatinamente, o servizo de limpeza e roza de rúas e camiños a todo o municipio.

## **3. Colaboración coas comunidades de montes, para manter o monte en condicións adecuadas.**

Desde o concello debe colaborarase coas comunidades de montes, para a súa conservación en condicións axeitadas e que sexan lugares de goce para a cidadanía.

### **En concreto comprometémonos a:**

- Crear espazos de descanso e miradoiros con vistas ao Val Miñor nos montes do concello.

- Manter dos vieiros existentes e creación de novos, tanto como sendas peonís como para actividades de bicicleta de montaña, etc.
- Potenciar os espazos ecolóxicos, arqueolóxicos, ou novos espazos como un parque botánico, etc.
- Promover e potenciar actividades económicas, compatibles coa conservación do medio ambiente como poden ser: o aproveitamento da biomasa forestal, apicultura, a explotación madeireira, etc.

#### **4. Conservación das canles fluviais**

##### **En concreto comprometémonos a:**

- Mellorar a conservación e a rehabilitar (onde sexa posible) as canles fluviais do concello.
- Implantar un control eficiente dos vertidos aos ríos, tanto directos como de lixiviados.

#### **5. Saneamento de augas residuais en todo o concello.**

##### **En concreto, comprometémonos a:**

- Realizar unha Auditoría técnica do estado da rede de saneamento no municipio de Nigrán, así como a un control real e efectivo do mantemento da rede de saneamento por parte do Concello
- Completar a rede de saneamento no municipio de Nigrán. Así mesmo establecerase por parte do concello un programa para facilitar a aquelas persoas con menos recursos a conexión á rede de saneamento.
- En consonancia coas dúas medidas anteriores, dentro da planificación de obras do Concello de Nigrán, establecer que o asfaltado de camiños levará consigo necesariamente a dotación dos servizos de abastecemento, saneamento e rede de pluviais.
- Vixiar e sancionar o vertido de augas residuais directamente aos ríos, mar, etc, mediante un programa de vixilancia e de control dos ríos e litoral, no que se inclúa a súa análise, así como de todos aqueles vertidos que hai en Nigrán.
- Realizar unha investigación pública das características, do funcionamento e do uso da EDAR de Nigrán.
- Introducir no PXOM previsión da necesaria separación de augas pluviais e residuais urbanas, promovendo solucións que permitan o pretratamento das augas pluviais coa finalidade de depurar as mesmas antes de verterse ó medio natural.
- Realizar un inventario actualizado das masas e puntos de abastecemento de auga así como mananciais, presas de regadío e lavadoiros públicos.

#### **6. Enerxía e cambio climático.**

##### **En concreto comprometémonos a:**

- Reducir a demanda de enerxía diminuindo o consumo enerxético nas actividades que o concello desenvolve, como consecuencia da prestación dos servizos municipais, xunto á modernización e prolongación da vida útil dos equipos e instalacións

municipais relacionadas coa prestación de tales servizos.

- Instalar gradualmente lámpadas LED en todo o alumeadado público do concello. Co tempo, con estas medidas poderíanse aforrar máis de 400.000 euros anuais.
- Fomentar das Comunidades Enerxéticas Locais cuxa finalidade primordial sexa proporcionar beneficios medioambientais, económicos ou sociais, en lugar de ganancias financeiras.

## **7. Xestión da auga.**

A candidatura de Esquerda Unida considera que *“a auga, en todas as súas formas, é un ben común e o acceso á mesma é un dereito humano fundamental e inalienable de todos os seres vivos. A auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos e da humanidade e da natureza: non é unha mercadoría”*.

### **En concreto comprometémonos a:**

- Investigar e determinar as causas das perdas aparentes e reais de auga, así como planificar a súa redución.
- Exercer un control estrito do funcionamento do servizo, analizando as súas deficiencias e denunciando os posibles incumprimentos do contrato e cantas irregularidades cometa o concesionario. Propoñemos, ademais, a súa remunicipalización.

## **8. Control da contaminación acústica.**

### **En concreto, comprometémonos a:**

- Aplicar a ordenanza de Contaminación acústica tanto no control das fontes de contaminación como nos horarios.
- Dotar de medios adecuados ao Concello para controlar a contaminación acústica.

## **4. AUGA**

Introdución

4.1. Saneamento das augas residuais en todo o concello.

4.2. Xestión da auga.

### **Introdución**

A candidatura de Esquerda Unida en Nigrán considera que *“a auga en todas as súas formas é un ben común e acceso á mesma é un dereito humano fundamental e inalienable de todos os seres vivos. A auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos, da humanidade e da natureza: non é unha mercadoría”*.

## **MEDIDAS CONCRETAS DO PROGRAMA DE ESQUERDA UNIDA.**

### **1. Saneamento das augas residuais en todo o concello.**

#### **Comprometémonos neste mandato:**

- A realizar un Plan de investimentos, a curto e medio prazo, para completar a rede de saneamento do municipio de Nigrán.

- Ao establecemento de medidas para facilitar a aquelas persoas con menos recursos a conexión á rede de saneamento.
- A que en todas as novas infraestruturas se separen e filtren as augas pluviais, antes do seu vertido ás canles fluviais.
- En consonancia coas dúas medidas anteriores, dentro da planificación de obras do Concello de Nigrán, establecerase que o asfaltado de camiños levará consigo, cando proceda, a dotación ou substitución dos servizos de abastecemento, saneamento e rede de pluviais.
- A realizar un plan de Control de Vertidos municipal, para eliminar os vertidos de augas residuais directamente aos ríos, mar, etc.

## **2. Xestión da auga.**

### **Comprometémonos neste mandato a:**

- Investigar e determinar as causas das perdas aparentes e reais de auga, así como planificar a súa redución.
- Exercer un control estrito do funcionamento do servizo, analizando as súas deficiencias e denunciando os posibles incumprimentos do contrato e cantas irregularidades cometa o concesionario. Propoñemos, ademais, a súa remunicipalización.
- Alí onde non chega o abastecemento municipal, establecer convenios coas comunidades de auga.
- Realizar un inventario actualizado das masas e puntos de abastecemento de auga así como mananciais, presas de regadío e lavadoiros públicos.
- A realizar un control sanitario, así como unha publicidade axeitada da calidade da auga das fontes e mananciais do concello.

## **5. SERVIZOS SOCIAIS**

### Introdución

#### 5.1. Plan de mellora dos Servizos Sociais en Nigrán

#### 5.2. Centro de Día.

#### 5.3. Integración.

### **Introdución**

Os integrantes da candidatura de Esquerda Unida cremos que son os concellos os que debe xestionar as políticas e servizos sociais prestados á cidadanía, xa que son estas institucións as máis próximas á poboación. Por elo defendemos non só o traspaso de competencias aos concellos, senón tamén a descentralización e a liberación de recursos económicos cara a estes por parte da Xunta de Galicia.

Servizos Sociais que presta na actualidade o Concello de Nigrán e que consideramos que teñen que mellorar, aumentando a súa calidade e eficacia, especialmente na atención de necesidades urxentes.

## **En concreto comprometémonos a:**

### **1. Plan de mellora dos Servizos Sociais en Nigrán**

- Dotar ao departamento dos Servizos Sociais de Nigrán de mais persoal, como esixe a normativa para os servizos sociais comunitarios básicos do persoal suficiente para un Concello de 17 mil habitantes.
- Realizar un estudo e diagnóstico social, que implique a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no Concello de Nigrán, a partir do cal elaborárase un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas.
- Elaborar e difundir unha guía dos Servizos Sociais de Nigrán, contando co asesoramento do Colexio de Traballadores Sociais de Galicia, onde ademais dos dereitos e deberes das persoas usuarias dos Servizos Sociais de Nigrán, se inclúan tódolos recursos que se ofertan.
- Crear unha vía urxente e áxil de acceso ás prestacións dos Servizos Sociais, para aqueles casos nos que as prestacións non se podan demorar o tempo que dura unha tramitación normal.
- Ampliar a carteira de servizos do Departamento de Servizos Sociais.
- Con relación ao Servizo de Axuda no Fogar, aumentar a súa calidade mediante a mellora de estándares de calidade, tanto na prestación do servizo como das condicións laborais do persoal que o presta, na súa licitación. Ademais realizaremos auditorías periódicas do contrato deste servizo.
- Realizar campañas informativas sobre as carteiras de servizos tanto do concello como outras administracións..

### **2. Centro de Día.**

#### **Nos comprometemos:**

- A traballar para dotar dun Centro de Día a Nigrán no antigo Centro de Saúde de Panxón.

### **3. Integración.**

#### **Nos comprometemos:**

- Esixir e verificar que todas as empresas de 50 o máis traballadores que celebren contratos co Concello de Nigrán, contén polo menos cun 2% do seu persoal con discapacidade.
- Á introducir, cando sexa posible, condicións especiais de execución de carácter social nos contratos que celebre o Concello de Nigrán, como poden ser a contratación dun número de persoas con discapacidade superior ao que esixe a lexislación.

## **6. EDUCACIÓN**

### Introdución

- 6.1. Reserva no PXOM de terreos para un centro de formación profesional.
- 6.2. Programa de axudas municipais para Libros e Transporte.
- 6.3. Plan municipal de medidas específicas para favorecer o éxito escolar
- 6.4. Fomento da formación noutras linguas
- 6.5. Fomento da educación medioambiental
- 6.6. Escola infantil

### **Introdución**

Para os integrantes da candidatura de Esquerda Unida o mellor modo de garantir o dereito universal á educación, do que tamén forman os libros e o transporte, pasa por defender un sistema público de ensino ao longo de toda a vida que, vaia dende a educación infantil até a universitaria e que comprenda tamén a formación para o emprego ou formación continua, asegurando así unha educación de calidade para todos e todas en condicións de igualdade.

Unha educación de calidade é aquela que dá resposta ás diversas necesidades educativas do conxunto da poboación para lograr o seu éxito escolar, mediante unha efectiva igualdade de oportunidades e unha xestión democrática, transparente e socialmente eficaz, prestando atención aos alumnos e ás alumnas que presentan dificultades de aprendizaxe desde o momento en que se detectan, así como atendendo necesidades específicas do alumnado con problemas de exclusión social e con algún tipo de discapacidade.

As propostas do noso programa inspíranse, polo tanto, nunha concepción da calidade educativa que está indisolublemente unida ao carácter público do ensino como garantía do exercicio do dereito universal á educación en condicións de igualdade.

Unha formación que debe incluír unha formación profesional eminentemente práctica e como unha das vías principais para a inserción da xuventude ao traballo e orientada ás actividades que xeran máis emprego.

Unha formación que debe ser integral, que incluíndo a aprendizaxe de linguas estranxeiras ou a educación medioambiental.

### **Comprometemos neste mandato a:**

#### **1. Reserva no PXOM de terreos para un centro de formación profesional.**

- A que se inclúa no PXOM de Nigrán unha reserva para dotacións para un centro de Formación Profesional..
- Traballar, en colaboración con outras administracións, na ampliación de ciclos formativos de FP que respondan as necesidades reais do mercado laboral. Por exemplo aqueles relacionados coa hostalaría.



## **2. Programa de axudas municipais para Transporte.**

- Crear unha liña de becas de transporte para aquel alumnado que realice os seus estudos fora do municipio de Nigrán.
- Mellorar o transporte á Universidade en colaboración co resto dos concellos do Val Miñor.

## **3. Plan municipal de medidas específicas para favorecer o éxito escolar**

- Realizar e implantar un Plan de medidas específicas para favorecer o éxito escolar, mediante talleres de reforzo escolar.

## **4. Fomento da formación noutras linguas**

- Implantar un sistema de becas para que o alumnado de Nigrán poida realizar estancias de aprendizaxe lingüística de calidade noutros países.
- Realizar “campamentos de idiomas” en Nigrán.
- Realizar de talleres lingüísticos durante todo o ano.

## **5. Fomento da educación medioambiental**

- Realizar de actividades de concienciación medioambiental en colaboración coas comunidades de montes e os colexios.

## **6. Escola infantil**

- Traballar, en colaboración con outras administracións, para que aumente a oferta pública de prazas no nivel de educación infantil.

## **7. SANIDADE**

### **Introdución**

Para a candidatura Esquerda Unida o dereito á protección da saúde é un dos dereitos humanos que deben ser respectados por todas as administracións públicas. Se ben as competencias municipais nesta materia son poucas, desde o Concello pódese actuar para mellorar este dereito para toda a veciñanza.

Durante os últimos anos producíronse diversos recortes nos dereitos sanitarios da poboación, como o repago dos medicamentos aos pensionistas ou o recorte do servizo do 061 no Val Miñor.

### **Comprometémonos:**

- A realizar un control sanitario, así como unha publicidade axeitada da calidade da auga das fontes e mananciais do concello.
- Realizar campañas de fomento de vida saudable.
- Asesorar aos cidadáns respecto aos seus dereitos relativos á asistencia sanitaria, como pode ser o tempo máximo de espera para as intervencións cirúrxicas.
- A incluír na carteira de servizos sociais de axudas para o pagamento de medicamentos e desprazamentos para recibir asistencia sanitaria.

## **Condutas aditivas**

Todo tipo de adicións son un problema para a saúde das persoas polo que deben ser previstas desde todas as Administracións Públicas.

Desde o Concello de Nigrán debe prestarse unha especial atención á prevención das adicións, especialmente ás novas formas de adición como é a ludopatía.

### **Comprometémonos:**

- A realizar campañas de prevención das adicións, especialmente entre a mocidade.

## **8. DESENVOLVEMENTO LOCAL, PEQUENO COMERCIO E EMPREGO**

Introdución

8.1. Desenvolvemento local

8.2. Contratación pública do Concello

8.3. Pequeno comercio

8.4. Emprego

### **Introdución**

A dinamización económica é un dos principais obxectivos do programa de goberno da candidatura de Esquerda Unida en Nigrán.

Nigrán debe ter unha estratexia para pór en valor os nosos recursos –patrimonio histórico, medio ambiente, situación xeográfica... propiciar un escenario de expansión económica e social.

### **1. Desenvolvemento local**

#### **Comprometémonos:**

- A apoiar a creación de Microempresas, Cooperativas, Sociedades Anónimas Laborais (S.A.L.), por parte das persoas que actualmente están en paro.
- Fomentar novas formas de cooperación coas Comisións de Montes do Concello, coa finalidade de fomentar a creación e apoio de microempresas que, en réxime de concesión, poidan levar adiante actividades produtivas vencelladas ó mantemento do monte como fonte de riqueza.

### **2. Contratación pública do Concello**

A candidatura de Esquerda Unida considera que desde o concello de Nigrán débense adoptar medidas de simplificación do procedemento e redución de cargas administrativas, co obxectivo de dar un decidido impulso ás pequenas e medianas empresas, especialmente de Nigrán e do Val Miñor.

#### **Comprometémonos:**

- A crear un rexistro de contratistas de Nigrán e do Val Miñor, aos que se lles informará de todas as contratacións que realice o Concello de Nigrán.
- Dividir en lotes os contratos que realice o concello de Nigrán, para facilitar o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas de Nigrán e do Val Miñor.

- Establecer nos contratos controles sobre a subcontratación e o pago a provedores para contribuír a que as PEMES de Nigrán e o Val Miñor coas que subcontrate o adxudicatario cobren os seus servizos en prazo.

### **3. Pequeno comercio**

#### **Comprometémonos:**

- A non aumentar a reserva de solo para grandes superficies comerciais.
- A facer campañas de fomento do comercio de proximidade.
- A fomentar a creación dunha Plataforma online para o comercio local.

### **4. Emprego**

Para a candidatura de Esquerda Unida a situación de desemprego en Nigrán continúa sendo grave. A esta situación úneselle a perda de poder adquisitivo das persoas que aínda conservan o traballo, así como das persoas xubiladas.

Somos conscientes das limitacións que teñen os concellos para influír nas políticas xeradoras de emprego, por iso non imos prometer no noso programa a creación de miles de postos de traballo. Imos apoiar e preparar e mellorar o perfil profesional das persoas desempregadas para que se encontren na mellor situación para atopar un emprego.

#### **Comprometémonos:**

- A realizar un estudio profundo sobre a composición e a estrutura do paro en Nigrán.
- A elaborar un plan de formación de calidade destinada ás persoas desempregadas de Nigrán, con itinerarios formativos completos que cualifiquen a estas persoas para exercer unha profesión, orientados ás ofertas de emprego reais existentes na área metropolitana de Vigo, e particularmente das empresas de Porto do Molle.
- En consonancia co exposto anteriormente, fomentar a creación de empresas de inserción de persoas en paro con especial dificultade para encontrar traballo.

## **9. TURISMO SUSTENTABLE**

### Introdución

- 9.1. Análise e desenvolvemento dun Plan estratéxico
- 9.2. Creación dunha web oficial de turismo de Nigrán cun dominio propio, independente do Concello de Nigrán.
- 9.3. Mellora da presenza de Nigrán en Redes Sociais.
- 9.4. Revisión e actualización do material promocional.
- 9.5. Creación dunha aplicación (app) turística de Nigrán.
- 9.6. Camiño da Costa.
- 9.7. Creación dun área de Servizo de autocaravanas.

## **TURISMO SUSTENTABLE**

### Introdución

Nigrán, grazas ao seu excelente patrimonio natural, que conxuga praias e montaña, así como o seu patrimonio histórico, é cada vez máis recoñecido, nacional e internacionalmente, como un referente turístico.

Non obstante, consideramos que aínda estamos lonxe de aproveitar a gran potencialidade dos nosos atractivos e que, como destino turístico, Nigrán ten que responder aos novos retos que formula o escenario turístico actual caracterizado pola globalización e a conectividade permanente que están dando lugar a profundos cambios nos patróns de comportamento da demanda turística. A principal materia pendente é a necesidade de desestacionalizar o turismo, para que non se concentre nos meses de verán.

Temos que camiñar cara un modelo turístico de calidade, máis diversificado, sofisticado, respectuoso co entorno e integrar máis harmonicamente as necesidades do turista, o residente temporal e as da poboación permanente de Nigrán, sendo necesario dispoñer dunha liña de intervención clara, continuada e sostida no tempo.

O turismo sustentable necesita contemplar as condicións actuais e as perspectivas futuras para definir unha estratexia de sustentabilidade viable no social, ambiental e económico. A oferta turística debe integrar todos os recursos locais, naturais, culturais, monumentais, artísticos, gastronómicos, etc., e abrirse desde o local ao contexto temporal e aos espazos territoriais comarcais próximos, dimensionando os aspectos temporais para reducir ou eliminar a estacionalidade.

## **MEDIDAS CONCRETAS DO PROGRAMA DE ESQUERDA UNIDA PARA O FOMENTO DUN TURISMO SUSTENTABLE.**

### **1. Análise e desenvolvemento dun Plan estratéxico**

A política de fomento do turismo do Concello de Nigrán debe dispoñer dunha liña de intervención clara e continuada, sostida no tempo, polo que debe estar á marxe dos vaivéns propios dos cambios de goberno.

Polo tanto, analizaremos e diagnosticaremos a situación actual do turismo en Nigrán,

elaborando a partir de dita análise, de forma consensuada entre todos os grupos políticos da corporación, xunto cos axentes sociais un Plan estratéxico de Turismo de Nigrán onde se defina, entre outras cuestións, o modelo turístico que queremos para Nigrán.

## **2. Creación dunha web oficial de turismo de Nigrán cun dominio propio, independente do Concello de Nigrán.**

Dada a importancia que para o viaxeiro ten a información oficial do destino en Internet en todas as fases da viaxe, e moi especialmente nas iniciais de elección de destino e planificación, resulta esencial que os destinos deseñen e manteñan un sitio web eficaz e de calidade, que non só sexa unha ferramenta de información práctica e actualizada, senón tamén teña capacidade para inspirar, convencer ao usuario para que visite Nigrán, facilitarlle a planificación da súa viaxe, a reserva dos servizos requiridos e que permita mesmo compartir experiencias e opinións.

## **3. Mellora da presenza de Nigrán en Redes Sociais.**

Máis que mellorar, a nosa proposta sería situar o turismo de Nigrán nas redes sociais.

En Facebook existe unha páxina “Concello de Nigrán”, non específica para a promoción do turismo de Nigrán, existindo unha chamada “Turismo Nigrán” cuxa última entrada realizouse o 3 de febreiro de 2017.

Pensamos que o posicionamento do turismo de Nigrán nas redes sociais é mellorable, polo que traballaremos nesa dirección.

## **5. Revisión e actualización do material promocional.**

Revisar e actualizarse todo o material promocional turístico de Nigrán.

## **6. Creación dunha aplicación (app) turística de Nigrán.**

As plataformas móbeis e as APPs sitúanse en primeira posición para a toma de decisións, que é cada vez máis áxil e inmediata.

O viaxeiro usa Smartphones onde dispón dos seus perfís, APPs, mapas, os seus códigos de viaxe, etc. En consecuencia, espera que os servizos turísticos e a información do destino sexa accesible con estas aplicacións.

Desenvolveremos unha APP do destino turístico Nigrán.

## **7. Camiño da Costa.**

Potenciar o Camiño Portugués pola Costa, en colaboración con outros concellos e administracións.

## **8. Creación dun área de Servizo de autocaravanas.**

Nos últimos tempos a modalidade do turismo realizado en autocaravanas esta en aumento, polo que se debe conciliar este tipo de turismo coas necesidades da poboación local. É por iso polo que crearemos un área de autocaravanas dotada de todos os servizos necesarios para este tipo de áreas.

## 10. CULTURA

### Introdución

A cultura considérase un factor fundamental da calidade de vida, unha dimensión esencial non só para a preservación das identidades, senón tamén para o benestar da cidadanía, a cohesión social e a creatividade dos diferentes grupos humanos. Por iso a candidatura de ESQUERDA UNIDA presta atención especial ao desenvolvemento dun programa específico de iniciativas culturais que complementen as xa existentes e establezan sinerxías entre as mesmas, que as fortalezan, eleven o seu nivel e estimulen o florecemento de novas actividades para o goce da veciñanza de Nigrán e do Val Miñor.

Tendo en conta a cantidade de edificios públicos existentes no Val Miñor que non son utilizados permanentemente ou son infrautilizados pensamos que moitas ou todas estas propostas pódense levar adiante sen necesidade de investimento en construción de novas infraestruturas. É urxente, pois, a confección dun catálogo de bens inmobles e o seu nivel de utilización.

Ademais desde o Concello débese promover a descentralización das actividades culturais, de forma que en colaboración cos Centros Culturais Parroquiais, se potencien as actividades culturais nas parroquias.

Neste senso, deberá facerse un esforzo para a programación de actividades culturais conxuntas e unha mellor coordinación das iniciativas existentes nos tres concellos do Val Miñor, tamén como ferramenta para desestacionalizar o turismo.

### **En concreto, comprometémonos:**

- A coordinar a actividade cultural do Concello de Nigrán coa que se realiza nos outros concellos do Val Miñor, así como coas ofertas que realizan os colectivos culturais existentes en Nigrán.
- A crear na web do concello de Nigrán a “AXENDA DE OCIO DE NIGRÁN”, onde se publicitarían todas as actividades culturais realizadas polo concello ou o centros culturais das parroquias, grupos de teatro, música, etc. de Nigrán.
- Potenciar a descentralización das actividades culturais realizadas polo Concello de Nigrán en colaboración cos centros culturais parroquiais.
- A seguir apoiando a actividade do Cine Club do Val Miñor “Alice Guy” e a promover unha programación cinematográfica municipal infantil específica non bélica, nin violenta, que transmita valores positivos.
- A promover a actividade teatral, buscando a coordinación entre os tres municipios da comarca, con especial atención ao teatro infantil.
- Dotar e facilitar de instalacións adecuadas para o desenvolvemento de actividades adecuadas (por exemplo talleres de pintura e gravado).
- Ampliación e adecuación do calendario de actividades culturais para persoas adultas ás súas necesidades que, non necesariamente teñen que ser as mesmas que as das actividades escolares.

- A converter Nigrán en referente dalgunha actividade cultural, como podería ser a Cerámica, ao igual que outros concellos son referentes en diferentes actividades culturais: Tui (Festival Play-Doc), Cans (Festival de Curtas) ou Redondela (Títeres). Iremos a realizar novas actividades como podería ser a exhibición de cometas, e a realización de talleres durante todo o ano.

- A promover un movemento de apoio ás actividades a realizar na nova Biblioteca de Nigrán, nomeadamente no fomento da lectura para nenas e nenos, como tamén para persoas adultas.

- E comprometémonos, tamén, a continuar na normalización do galego como vehículo de comunicación en todas as actividades do concello. En concreto, promoveremos que o servizo municipal de normalización lingüística teña carácter estable, e non estacional. Todos os departamentos e servizos do concello deben utilizar o galego.

## **11. DEPORTE**

### Introdución

11.1. Participación das entidades deportivas

11.2. Mellora das instalacións deportivas, especialmente nas parroquias.

11.3. Fomento das escolas deportivas no municipio.

11.4. Fomento e axuda ás actividades deportivas de base, tanto nos Colexios públicos como das Asociacións deportivas.

### Introdución

Consideramos o deporte como un espazo de saúde e ocio, polo que o concello ten a obriga de potenciar a actividade deportiva da poboación, organizar escolas de iniciación, ofertar a aprendizaxe de disciplinas deportivas ou organizar competicións deportivas de cara á formación de nenos/as e xoves ou favorecer un ocio saudable para as persoas adultas ou a terceira idade, con particular atención aos deportes minoritarios e tradicionais.

A consideración do deporte e da actividade física como un dereito provocou que o ámbito asociativo con maior número de participantes sexa o deportivo.

Como consecuencia, unhas instalacións deportivas adecuadas pasan a ser equipamentos de primeira necesidade.

Os integrantes da candidatura de Esquerda Unida en Nigrán queremos realizar unha forte aposta polo deporte municipal, en colaboración coas sociedades deportivas.

## **A CANDIDATURA DE ESQUERDA UNIDA E O DEPORTE**

Até a chegada de Esquerda Unida como parte de NIGRÁN DECIDE á corporación de NIGRÁN, o concello unicamente subvencionaba a realización de actividades deportivas. Foi NIGRÁN DECIDE, no que participaba Esquerda Unida quen no ano 2017 propuxo e conseguiu que se aprobase unha nova liña de subvencións ás entidades deportivas de Nigrán **para o fomento do deporte**, onde o criterio principal para determinar a contía da subvención sexa o número de persoas federadas, especialmente nas categorías inferiores, cunha especial referencia aos deportes

tradicionais e minoritarios.

## **MEDIDAS CONCRETAS DA CANDIDATURA NIGRÁN DECIDE PARA O DEPORTE.**

### **1. Participación das entidades deportivas**

- Activar, tal como está previsto no Regulamento de Participación Cidadá, un Consello Sectorial de Deportes onde participen todos os clubs e asociacións deportivas de forma activa e real, onde se consultarán e debaterán as políticas deportivas de NIGRÁN.

### **2. Mellora das instalacións deportivas, especialmente nas parroquias.**

- Mellorar as instalacións deportivas públicas existentes no concello de Nigrán.
- Traballar para dotar de instalacións públicas axeitadas para deportes relacionadas co mar.
- Traballar para dotar a Nigrán de carrís-bici axeitados e seguros.
- Retomar a construción das instalacións deportivas de Porto de Molle, investigando as causas da súa non finalización, esixindo responsabilidades a quen corresponda.
- Pular pola prestación directa e pública do servizo da Piscina da Mancomunidade do Val Miñor.

### **3. Fomento das escolas deportivas no municipio.**

- Programar escolas deportivas no maior número de especialidades posible, dirixidas tanto á infancia como á xuventude, a persoas adultas e á terceira idade.
- Establecer convenios con todas as entidades deportivas que empreguen instalacións ou recursos públicos, para compensar estes usos mediante a creación de becas ou cursos gratuítos para a mocidade de Nigrán nas súas escolas deportivas.
- Potenciar especialmente especialidades deportivas relacionadas co mar e/ou tradicionais como os bolos celtas, petanca...

### **4. Fomento e axuda ás actividades deportivas de base, tanto nos Colexios públicos como das Asociacións deportivas.**

- Activar un programa de becas de apoio para deportistas con gran proxección e que teñan uns resultados e traxectoria que xustifique un impulso desde o Concello.
- Potenciar un sistema de competicións deportivas no ámbito infantil e escolar que prime o educativo e cooperativo por riba do competitivo, favorecendo a non discriminación e fomentando o acceso ao deporte de todos e de todas independentemente das súas condicións físicas.
- Establecer uns prezos públicos das escolas deportivas en función das circunstancias económicas da familia e as familias numerosas.
- Potenciar o deporte feminino, especialmente naquelas disciplinas onde a muller está infrarrepresentada.
- Prestar especial atención á integración das persoas con diversidade funcional, ás persoas maiores, etc, para que teñan acceso e poidan realizar deporte e actividade



física.

- Poñer en marcha especialidades deportivas e/ou de actividade física informais de forma que a mocidade teña opcións diferentes ao ocio nocturno.

## **12. MOCIDADE**

### **Introdución**

Antes de elaborar unha programación dun Plan Xuvenil Municipal ou dun Programa de Alternativas para a Xuventude, cómpre valorar a adecuación dos recursos que se dirixen directa ou indirectamente á Xuventude. Para isto, identificaremos os recursos tanto materiais como humanos que o Concello de Nigrán, como exemplo, destina directa ou indirectamente ao desenvolvemento de accións dirixidas á Xuventude.

Desta maneira, obteremos unha realidade de equipamentos, accións ou programas destinados á Xuventude, podendo estudar as súas carencias e necesidades.

Ademais, deberíamos realizar unha diagnose social da Xuventude que nos ofrecerá unha visión real dos seus hábitos, costumes, mobilidade, inquedanzas, opinións, valores, carencias, etc...

En Nigrán non existe unha política dirixida especificamente á xuventude, aínda que si existen actividades con certa transversalidade das que, en maior ou menor medida pode beneficiarse a Xuventude.

A maior parte das actividades que poderíamos definir como dirixidas a xuventude (directa ou indirectamente) son de carácter lúdico, como poden ser os festivais de verán.

Tampouco existen infraestruturas dirixidas especificamente á Xuventude, xa que o que se define como “Casa da Xuventude” en Nigrán non deixa de ser un espazo compartido co Centro de Información á Muller, cun carácter unicamente de información á Xuventude.

Consideramos que toda política cara a mocidade debería estar planificada polo que:

#### **En concreto, comprometémonos a:**

- Dotar a Nigrán dun Plan Xuvenil.
- O Plan Xuvenil deberá incluír a corresponsabilidade progresiva da xuventude e de todos os demais axentes implicados (Clubs deportivos e Centros Culturais).

Dito plan debería conter os seguintes aspectos:

#### **- Dotación de infraestruturas.**

Actualmente non existen infraestruturas específicas para a Xuventude e o Concello de Nigrán debería dotarse de instalacións dirixidas á Xuventude.

#### **En concreto, comprometémonos a:**

- Traballar para dotar a Nigrán dunha Casa da Xuventude. Nesta infraestrutura poderían existir locais de ensaio para actividades culturais, así como de garda de material.

## **- Campamentos xuvenís.**

### **En concreto, comprometémonos a:**

- Ampliar os campamentos xuvenís a todo o ano (durante os fins de semana), ampliando o seu carácter lúdico a un carácter cultural, deportivo e/ou medioambiental.

## **- Participación Xuvenil**

### **En concreto, comprometémonos a:**

- Impulsar a constitución dun Consello da Xuventude de Ámbito Comarcal, no que participen representantes de Asociacións Xuvenís (formais e informais), así como vogais de xuventude do resto de colectivos da comarca.

- Crear unha liña específica no Plan Estratéxico de Subvencións de Nigrán de Axudas ás Asociacións Xuvenís ou de actividades especificamente dirixidas á xuventude.

- Fomentar a participación xuvenil, mediante apoio e asesoramento para a autoorganización da xuventude.

## **- Cultura**

- Integrar á xuventude nas actividades culturais do Concello.

- Convocatoria de premios, concursos e becas de creación artística destinados especificamente á Xuventude.

- Realización de talleres sobre as novas tecnoloxías e os perigos e riscos que levan consigo.

## **- Deporte**

- Apoio á realización de actividades deportivas informais (Campionatos nocturnos, etc.).

## **- Emprego**

Dirixido principalmente á Xuventude, actualmente existe un plan de becas municipais en Nigrán, nos que as persoas beneficiarias fan as súas prácticas no Concello, nos que unicamente hai dúas especialidades, a de turismo e a de administración.

### **En concreto, comprometémonos a:**

- Traballar para ampliar a outras especialidades laborais existentes no Cadro de Persoal do Concello como poden ser electricidade, soldadura, etc.

## **- Educación**

### **En concreto comprometémonos a:**

- Apoiar a mobilidade xuvenil, mediante a promoción e axuda aos intercambios culturais tanto en Europa como no resto do estado.

- Realizar un Plan municipal de medidas específicas para favorecer o éxito escolar.

## **- Voluntariado**

### **En concreto, comprometémonos a:**

Apoiar o voluntariado da xuventude, en campos como poden ser a Protección Civil, o Medio Ambiente ou o voluntariado social.

## **- Vivenda**

Actualmente os prezos da vivenda, tanto en alugueiro como de compra, son prohibitivos para a mocidade, o que está provocando que a mocidade ao emanciparse estea marchando a concellos limítrofes.

### **En concreto, comprometémonos a:**

- Que o PXOM contemple a máxima porcentaxe para Vivenda Protexida capaz de soportar a viabilidade económica do Plan, non reducíndose a prevista no PXOM aprobado inicialmente.

## **13. PERSOAS MAIORES**

### **Introdución**

13.1. Centro de Día.

13.2. Programa de Voluntariado para persoas maiores.

13.3. Espazos interxeracionais

13.4. Fenda dixital

### **Introdución**

Desde a candidatura de Esquerda Unida realizaremos políticas de apoio a este colectivo desde o Concello. A primeira delas é detectar as necesidades e inxerencias das persoas maiores e a partir de aí propoñer solucións. Imprescindible é de cara ás persoas maiores unha mellora dos Servizos Sociais, especialmente o Servizo de Axuda no Fogar, medidas xa recollidas no apartado de **Servizos Sociais**.

Propoñemos a creación de Plans Municipais Integrais de Atención a Persoas Maiores, en coordinación técnica, organizativa e financeira coas outras administracións.

### **Comprometémonos neste mandato:**

#### **1. Centro de Día.**

Na comarca do Val Miñor existe un Centro de Día para persoas maiores en Baiona, non existindo en Nigrán.

- A traballar para a construción dun Centro de Día no terreo ocupado polo vello Centro de Saúde de Panxón.

#### **2. Programa de Voluntariado para persoas maiores.**

- Impulsar e fomentar o voluntariado entre as persoas maiores. Un exemplo podería ser a participación das persoas maiores en "itinerarios escolares seguros"

#### **3. Espazos interxeracionais**

- Crear espazos interxeracionais de proximidade, onde convivan a infancia, a

xuventude e as persoas maiores, en colaboración cos centros culturais e colectivos parroquiais.

#### **4. Fenda dixital**

- Continuar coas actividades de cara a minorar a fenda dixital das persoas maiores.
- Asesor a veciñanza, especialmente as persoas maiores, no uso da administración electrónica desde a Unidade de Información do Concello que nos comprometemos a crear.
- Realizar de talleres sobre as novas tecnoloxías e os perigos e riscos que levan consigo.

### **14. IGUALDADE**

Introdución

14.1. Un concello igualitario

14.2. A corresponsabilidade de Mulleres e Homes nos cuidados

14.3. Eliminación da violencia machista

14.4. Garantir a participación sociopolítica e económica das mulleres

#### **Introdución**

Ninguén dubida xa das desigualdades políticas, sociais e económicas existentes entre mulleres e homes, ás que hai que poñerlle fin.

É esta convicción a que nos leva á creación dun punto específico para a igualdade de xénero no noso programa, malia que isto non restará en ningún caso unha perspectiva transversalizada do xénero sobre todas e cada unha das políticas municipais.

Fronte a este futuro abrazamos as potencialidades que ofrece o noso concello para transformar a realidade máis próxima, apostando pola igualdade.

Nigrán contou cun Plan de Igualdade 2011- 2014, que non foi actualizado. Ademais, a dito plan non se lle fixo un seguimento e unha avaliación.

Baixo o amparo das leis *4/2005, de 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes* e a lei galega pioneira no Estado español, *7/2004, do 16 de xullo, para a Igualdade de Mulleres e Homes*, e cara garantir o seu cumprimento, consideramos os seguintes obxectivos programáticos e medidas para a igualdade de xénero:

#### **1. Un concello igualitario**

##### **En concreto comprometémonos a:**

- Integrar a perspectiva de xénero asegurando o enfoque de xénero en todas as políticas do Concello, comprometendo unha partida específica para igualdade nos Orzamentos do Concello.
- Fortalecer o Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Nigrán, mellorando o seu funcionamento.
- Diseñar o *III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes para Nigrán*, que obedece á

*Lei 4/2005, do 18 de febreiro, para a Igualdade de Mulleres e Homes.* Este plan debe ser elaborado mediante un proceso dinámico e participativo coa veciñanza, encamiñado ao cambio social e que sitúe o compromiso coa igualdade de mulleres e homes como un valor central da cultura política, dotando ao Concello dos recursos precisos para que dito compromiso sexa real. Este Plan deberá ser obxecto de seguimento e avaliación.

## **2. A corresponsabilidade de Mulleres e Homes nos coidados**

### **En concreto comprometémonos a:**

- Mellorar a situación das persoas coidadoras mediante a redacción e execución dun plan de apoio a este colectivo.
- Visibilizar o valor do emprego doméstico en Nigrán, facilitando o achegamento á realidade das empregadas do fogar (asalariadas e non asalariadas).

## **3. Eliminación da violencia machista**

### **En concreto comprometémonos a:**

- Ofrecer unha atención de calidade para as mulleres que sofren ou sufreron violencia machista creando un **Protocolo Municipal de Intervención para Mulleres Víctimas de Violencia Machista**. Asemade ofreceranse máis recursos e servizos segundo as necesidades específicas do protocolo e reforzaranse os servizos xurídicos e psicolóxicos do Centro de Información ás Mulleres (CIM).

## **4. Garantir a participación sociopolítica e económica das mulleres**

### **En concreto comprometémonos a:**

- Favorecer que as mulleres sexan axentes activas nos procesos participativos municipais, mediante a Creación do **Consello Local da Muller**, como instrumento para afondar na participación e corresponsabilidade na política municipal.
- Impulsar o tecido asociativo formado por mulleres nas parroquias, ou ben, soste-lo existente, coñecendo e atendendo as demandas e necesidades destes espazos, actualizando a información que exista sobre eles, participando das súas actividades e mellorando as subvencións das que poidan ser beneficiarias.
- Fomentar a creación de vogalías da muller no tecido asociativo existente en Nigrán.